

LIBROS DE IGUALDADA E, LIBROS EN IGUALDADE

Selección realizada pola biblioteca escolar do IES *Auga da Laxe* (Gondomar) e publicada na revista *Prazadas Letras*, nº 3, abril-maio de 2007.

Anthony Browne, *O libro dos Porcos*. Kalandraka.

Un fantástico álbum ilustrado que nos presenta unha nai como tantas, cun home e uns fillos que, compracidos e esixentes, estomballados no sofá, teiman en convertela cada día nun ser invisible e sen rostro que traballa sen descanso. Até que decide marchar.

Agustín Fernández Paz, *As flores radiactivas*, Xerais.

Unha historia de activismo ecoloxista, de flores máxicas e vertidos radiactivos, ambientada nas costas galegas e protagonizada por Alba, unha nena valente e espilida que contribúe, con lucidez e boa fortuna, na resolución dun misterio de grande trascendencia, deses que afortunadamente xa non están reservados só para os nenos.

María Reimóndez, *Usha*, Xerais.

Mulleres na procura do dereito a decidir o seu futuro, mulleres que loitan por outras mulleres, mulleres que se debaten ante a forza da tradición nunha sociedade distinta. E entre elas unha nena galega, Uxía, que se desdobra en Usha para deixarse querer por un país que a acolle e lle ofrece amizade, linguas, cultura e tradicións: a India.

M^a Xosé Queizán, *O segredo da Pedra Figueira*, Xerais.

Lazo é unha nena que pertence a un pobo de mulleres valentes e sabias, herdeira da sabedoría e o poder da súa avoa Sensatanai e da forza e o valor da súa nai guerreira, unha bagaxe que lle dará a lucidez necesaria para escoller, logo dunha dura travesía, o camiño do poder sobre si mesma, para ser unha muller como as mulleres, con capacidade de decisión propia.

Marilar Aleixandre, *A expedición do Pacífico*, Xerais.

Na historia da ciencia houbo moitas mulleres innovadoras e valentes como Emilia, a protagonista desta novela, que tiveron que facerse pasar por Emilios, ou Marcos, ou Fernandos, para poder entrar nun mundo de homes e ter a posibilidade de demostrar a importancia das súas investigacións e aportacións. É de xustiza recatalas e rematar coa súa invisibilidade histórica.

Xosé A. Neira Cruz, *Valdemuller*, SM.

Cando fai os quince anos, Mina viaxa até Valdemuller, un anaco privilexiado de mundo que algúns tachan de maldito, para fortalecer o elo que a vencella cunha tradición familiar de mulleres meigas, de fillas da lúa que atesouran o poder do don e bailan unha danza solidaria que as une por riba dos séculos con moitas outras mulleres.

Fran Alonso, *Cartas de amor*, Xerais.

Cartas de mulleres que nos permiten coñecer as duras circunstancias nas que viven: as guerras, a violencia, a prostitución, a presión social, etc. Mulleres que se confrontan á vida con dignidade a pesar do difícil que lles resulta facer que se escoite a súa voz.

Xavier López, *Destrución*, Xerais.

Foi Felisa valente ou covarde ao facerlle vivir a Serapio a mesma dor e humillación que el lle fixera pasar a ela durante tantos anos de convivencia? Unha novela dura na que unha muller consegue que o seu home escoite nunhas horas todo o que non soubo ou non quixo escoitar en moitos anos.

Amélie Nothomb, *Un nome de dicionario*, Galaxia.

Plectrude, marcada desde nena pola desgraza, vai alimentar o seu espírito de superación coa súa paixón por ser bailarina, un soño que se acaba desfacendo entre a impotencia, a frustración e a anorexia, nunha novela de fortes tensións que nos permite ler no noso idioma unha das narradoras europeas máis importantes dos últimos anos.

Lupe Gómez, *Fisteus era un mundo*, A Nosa Terra.

"Eu non desexei nunca ser un home nin marchar da miña condición feminina. Pero ás veces fastidiábame cando vía que meus irmáns varóns tiñan máis liberdade ca min". Esta é unha das reflexións coas que Lupe Gómez nos leva canda ela até as súas vivencias de nena de aldea nun libro no que vai revisando o mosaico de elementos que determinaron o seu proceso de maduración: a terra, a xente, o idioma, a relixión, o colexio, as mulleres.

Outras lecturas:

Pasqual Alapont, *O inferno de Marta*, Xerais. (Novela)

Medos Romero, *O pozo da ferida*, Deputación da Coruña. (Poesía)

María Reimóndez, *Moda galega*. Edicións Positivas. (Poesía)

Begoña Paz, *A ferida*, Xerais. (Relatos)

Biblioteca do IES *Auga da Laxe* (Gondomar)
www.augadalaxe.com
<http://bibliolaxe.blogspot.com>